

Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

BASES E CONVOCATORIA QUE REXEN OS PREMIOS CON MOTIVO DA FESTA DOS MAIOS 2026

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS PREMIOS CON MOTIVO DA FESTA DOS MAIOS 2026

1.- Obxecto da convocatoria.

Regular os premios dos maios que participen nos actos programados con motivo da Festa dos maios do ano 2026.

2.- Crédito orzamentario.

Destínase un crédito máximo de 10.000 euros que se imputará á partida 3341A4810001 do orzamento de gastos do ano 2026, para os premios os Maios que participen nos actos programados co gallo da Festa dos maios 2026.

3.- Participantes dos maios.

Serán susceptibles de obteren os premios regulados nestas bases e convocatoria os seguintes Maios, coas súas correspondentes coplas.

a) Maio tradicional: son aqueles construídos con forma cónica ou de cruceiro. Na súa elaboración empregaranse materiais vexetais (especialmente fiúncho, pampullo, peonias, laranxas e flores diversas) e técnicas construtivas mecánicas non sintéticas.

b) Maio artístico: son aqueles construídos con forma non cónica. Na súa elaboración empregaranse materiais vexetais e técnicas construtivas non exclusivamente mecánicas.

O único material non vexetal permitido para a decoración dos maios nas dúas categorías é a casca de ovo.

c) Coplas: estarán escritas en lingua galega (normativa oficial da RAG, 2003). Será imprescindible que cada maio conte, como mínimo, con catorce coplas das que seis serán interpretadas diante do xurado.



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

4.- Requisitos para participar nos maios.

Os maios deberán gardar unha unidade temática, tanto no seu vestiario coma na súa actuación.

Non serán admitidos a concurso aqueles maios con coplas que atenten contra as máis elementais normas de civismo e respecto á honra e dignidade das persoas. Poderase excluír como beneficiario das axudas reguladas nestas bases e convocatoria a todos aqueles que non acrediten as condicións mínimas esixidas.

5.- Procedemento de inscrición.

É condición imprescindible que os maios que opten ós premios soliciten a súa inscrición no Rexistro Xeral de entrada do Concello de Redondela conforme ao modelo que aparece no anexo. O prazo de solicitude comezará a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria e rematará o martes 21 de abril.

A documentación a presentar será a recollida no Anexo a esta convocatoria

A documentación que se deberá presentar é:

- Anexo I (solicitude de participación).
- Anexo II (constitución maio) ou Anexo III (asociación legalmente constituída).
- Fotocopia compulsada do NIF da persoa representante ou CIF da asociación.
- Certificación de titularidade de conta bancaria da persoa representante ou da asociación.
- Arquivo dixital coas coplas.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nesta convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.- Composición do xurado.

O xurado, como en tódalas edicións, estará formado por diversas persoas cualificadas para exercer esta función, en número impar, presidido pola Concelleira de Cultura do Concello de Redondela, dona M^a Rita Pérez Táboas, e actuando como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello de Redondela.

Os maios inscritos no concurso participarán nas votacións das categorías de maio tradicional e maio artístico, segundo o procedemento que se indica máis abaixo.



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

7.- Retirada dos maios.

Os maios permanecerán expostos no lugar que indique o xurado ou poderán ser trasladados ás parroquias onde foron realizados ao remate do concurso.

O abandono do maio ou a destrución do mesmo suporá a perda da subvención e dos premios que acadase no concurso.

8.- Desenvolvemento do concurso.

O sorteo para a localización dos maios, a orde de actuación diante do xurado e a explicación do desenvolvemento do concurso celebrarase o venres 24 de abril ás 20:30 horas no Multiúsos da Xunqueira. O día da celebración do concurso, o xurado concederá os premios aos maios participantes e redactará a acta do resultado. A súa decisión será inapelable en todo caso.

Os maios colocaranse nos lugares asignados no sorteo ás 11:00 h do día 1 de maio. As/Os concursantes actuarán diante do xurado subindo o seu maio ao palco, de acordo coa orde establecida no devandito sorteo e interpretando seis coplas das presentadas.

9.- Avaliacións dos maios.

A) CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO XURADO.

Coplas:

Terase en conta a retransca, o enxeño, o ritmo e a linguaxe utilizados. Polo contrario, será penalizado o uso de palabras malsoantes, ofensivas e as copias de coplas presentadas en anos anteriores.

Interpretación:

Terase en conta a posta en escena, a sincronización, a afinación das voces, a utilización de elementos de acompañamento (paus, caxatos etc.) e o uso das prendas que estean de acordo co modelo tradicional (boina, camisa branca e pantalón con remendos).

Maio tradicional:

Terase en conta a forma do cono ou do cruceiro, a colocación do fiúncho, a decoración e combinación de flores e de máis elementos decorativos e o vistoso da coroa.

Maio artístico:

Terase en conta a orixinalidade da forma, a colocación do fiúncho, a utilización de flores e de máis elementos decorativos e a invisibilidade da estrutura do maio.

O xurado valorará positivamente a exclusiva aplicación de técnicas de construción mecánicas fronte a outras con materiais sintéticos (colas, pegamentos etc.).



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

B) CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PARTICIPANTES.

As persoas participantes no concurso poderán participar na votación nas categorías de maio tradicional e maio artístico conforme ao seguinte procedemento:

1.- A persoa representante do Concello entregará unha folla a cada representante dos maíos participantes na que se deberá indicar a orde dos premios nas categorías referidas.

2.- Cada concursante poderá votar a tódolos maíos agás ó propio ou propios, tendo en conta os criterios fixados para cada categoría.

3.- Antes da finalización das actuacións, cada representante entregará a citada folla á persoa representante do Concello.

4.- Este voto colectivo contabilizarase como o dun membro máis do xurado.

10.- Premios.

— Premio por participar: 200 euros á cada maio.

— Premios ás coplas:

- 1º Premio: 300 euros.
- 2º Premio: 250 euros.
- 3º Premio: 200 euros.

— Premios á interpretación:

- 1º Premio: 300 euros.
- 2º Premio: 250 euros.
- 3º Premio: 200 euros.

— Premios ao maio tradicional:

- 1º Premio: 300 euros.
- 2º Premio: 250 euros.
- 3º Premio: 200 euros.

— Premios ao maio artístico:

- 1º Premio: 300 euros.
- 2º Premio: 250 euros.
- 3º Premio: 200 euros.

No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como subvencións excedan a consignación total, modificaríanse os importes aplicando reducións proporcionais a cada unha delas.

O xurado poderá deixar os premios desertos.

Os maíos premiados, alén da cantidade económica indicada, recibirán un diploma acreditativo.



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

O incumprimento das presentes bases e convocatoria con actuacións impropias á hora de interpretar (faltando ás normas de decoro) e a falta de respecto por parte das persoas participantes implicaría a súa descualificación e, polo tanto, a perda da subvención e os premios que obtivera.

11.- Publicidade.

As bases e a súa convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios, na páxina web do Concello de Redondela, no Taboleiro electrónico e no BOP.



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

PREMIOS FESTA DOS MAIOS 2026

Solicitud de participación (Anexo I)

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Nome do maio	
---------------------	--

EXPÓN:

Que acepta, despois de ler e coñecer, as Bases e convocatoria que rexerán os premios con motivo da Festa dos maios 2026.

SOLICITA:

A súa participación na Festa dos maios 2026.

Documentación que se achega	
	Fotocopia compulsada do NIF da persoa representante ou CIF no caso de asociación.
	Anexo II (Constitución do maio).
	Anexo III (Asociación legalmente constituída).
	Certificación de titularidade de conta bancaria da persoa representante do maio ou da asociación legalmente constituída.
	Documento coas coplas.



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria que rexerán os premios con motivo da Festa dos maios 2026.

De conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: cultura@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Redondela _____ de _____ de 2026

Asinado: (A/O representante) _____

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

PREMIOS FESTA DOS MAIOS 2026**Constitución do maio (Anexo II)**

As persoas que asinan abaixo con números de N.I.F. DECLARAN:

Que con data _____ procedeuse a constituír maio para a FESTA DOS MAIOS 2026

Que en esta data nomeouse como representante deste maio para as relacións co Concello de Redondela a Don/Dona _____, con NIF _____ enderezo en _____ Código postal _____ Localidade _____ Teléfono _____ e enderezo electrónico _____.

Que o/a representante deste maio non está incurso/a en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e recibir subvencións da Administración pública.

Que este maio comprométese a levar a cabo as actividades recollidas nas bases e convocatoria reguladoras dos Premios.

Que segundo dispón o artigo 11 da Lei xeral de subvencións, quen asinan abaixo asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención se aplicará mediante a súa división entre o número de membros.

Así mesmo, todas as persoas que asinan abaixo declaran atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Redondela e nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non atoparse incursoas en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas da Administracións pública.



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

PREMIOS FESTA DOS MAIOS 2026

Asociación legalmente constituída (Anexo III)

Datos da entidade	
Nome	
CIF	
Enderezo (rúa, número, código postal, localidade)	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Datos da persoa representante	
Nome e apelidos	
NIF	
Cargo	
Enderezo (rúa, número, código postal, localidade)	
Teléfono	

DECLARA:

Que esta Asociación, sen ánimo de lucro, solicita a súa participación na Festa dos maíos 2026.

Que este Maio comprométese a levar a cabo as actividades recollidas nas bases e convocatoria que rexerán os premios con motivo da Festa dos maíos 2026.



Martes, 24 de marzo de 2026

Núm. 56

Así mesmo declara:

- 1) Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Redondela.

- 2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- 3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

Redondela, _____ de _____ de 2026.

Asinado (A/O representante): _____

